



GALICIA EXPORTA EMPRESAS

IG295 - AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS

Prazo aberto dende o
24 de outubro ata ás **14:00h**
do **23 de novembro de 2023**

Concurrencia non competitiva

Prazo de execución: As accións obxecto das bases deben realizarse desde o **1 de xaneiro de 2023** ata o **15 de decembro de 2023**.

A **subvención máxima** será de **95.000€** por solicitude e beneficiario.

Orzamento
2.500.000 €



»» PERSONAS BENEFICIARIAS

Empresas, incluídos os autónomos, que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Que cumpran coa definición de peme.
- ✓ Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia, e que contén no devandito centro con polo menos **un traballador por conta allea** (excepto para empresas de menos de 42 meses na data de publicación da axuda).
- ✓ Dados de alta no IG192 antes do 23/11/2023

Importe mínimo de proxecto: o gasto mínimo subvencionable deberá acadar os 3.200€.

»» PROXECTOS SUBVENCIONABLES

✓ Accións de difusión:

- Campañas de publicidade en prensa, revistas, radio, ou televisión, sempre que a súa difusión se realice no estranxeiro.
- Elaboración de catálogos físicos ou dixitais para difusión en mercados estranxeiros.

✓ Accións de promoción:

- A participación como expositor en feiras comerciais de carácter internacional.
- A participación como expositor noutros eventos expositivos de carácter internacional no estranxeiro, organizados por terceiros non vinculados á empresa solicitante nin empresarial nin comercialmente.
- Visitas promocionais á sede da empresa en Galicia desde o estranxeiro (mínimo 2 empresas/prescriptores visitantes).





GALICIA EXPORTA EMPRESAS

IG295 - AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS

» CONCEPTOS SUBVENCIONABLES E INTENSIDADE DE AXUDA

A) ACCIÓNS DE DIFUSIÓN

Importe do incentivo
(O Incentivo varía en función do
importe de gasto subvencionable
nesta acción)

- ✓ **Campañas de publicidade** : Gastos de compra de espazos publicitarios e insercións en medios de comunicación.

Gasto subvencionable	Importe do incentivo
Máis de 8.000€	6.750€
Entre 6.000€ e 8.000€	5.250€
Menos de 6.000€	3.750€

- ✓ **Elaboración de catálogos en papel ou dixitais**: Gastos de deseño, elaboración, edición, montaxe, produción, tradución e impresión de catálogos en formato papel ou dixital para difusión en mercados estranxeiros.

Gasto subvencionable	Importe do incentivo
Mais de 12.000€	9.750€
Entre 10.001€ e 12.000€	8.250€
Entre 8.001€ e 10.000€	6.750€
Entre 6.000€ e 8.000€	5.250€
Menos de 6.000€	3.750€

B) ACCIÓNS DE PROMOCIÓN

- ✓ **Participación como expositor en feiras ou eventos expositivos en estranxeiro**: A contía de axuda consistirá nun importe de incentivo que variará en función da área xeográfica na que se desenvolva a acción (Método de Custos Simplificados baseados na suma a tanto alzado)

Importe de incentivo para participación como expositor en feiras e outros eventos expositivos
Límite incentivo 10.436.37 euros

- Gastos de viaxe da/s persoa/s da empresa solicitante á cidade de celebración da feira (billetes avión, tren, autobús), taxas, seguros viaxe e comisión axencia viaxe.
- Aloxamento da/s persoa/s da empresa solicitante.
- Gastos de aluguer de espazos e/ou stand, e servizos relacionados coa participación na feira ou evento, por exemplo: dereitos de inscrición, montaxe e desmontaxe de stand, aluguer de mobiliario e equipamento, aluguer de equipos audiovisuais, participación en actividades paralelas organizadas no marco da feira; contratación de intérpretes, modelos ou de persoal de apoio.

Área Xeográfica	Importe incentivo
España e Portugal	3.130,91 €
Toda a Unión Europea excepto Finlandia, Suecia, Dinamarca, Estonia, Letonia e Lituania	6.261,82 €
Finlandia, Suecia, Dinamarca, Estonia, Letonia e Lituania	7.305,46 €
Todo o resto de Europa fóra da Unión Europea excepto Rusia e Reino Unido	7.305,46 €
Rusia	8.349,10 €
Reino Unido	7.827,28 €
Estados da Costa este de Estados Unidos e de Canadá. Todo México	8.349,10 €
Estados do centro de EE.UU e de Canadá (non costa)	9.392,74 €
Estados da Costa Oeste de EE.UU. e de Canadá	9.392,74 €
Toda América Central e do Sur	8.349,10 €
China e Xapón	10.436,37 €
Resto de Asia	8.349,10 €
Oceanía	9.392,74 €
África	8.349,10 €



GALICIA EXPORTA EMPRESAS

IG295 - AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS

B) ACCIÓNS DE PROMOCIÓN

✓ Visitas promocionais á sede da empresa en Galicia:

A contía de axuda consistirá nun importe de incentivo que variará en función da área xeográfica na que se desenvolva a acción.

- Gastos da viaxe a Galicia das persoas das empresas/prescriptores visitantes, correspondentes a avión, tren e/ou autobús, taxas de visado, seguros de viaxe e comisión da axencia de viaxe.
- Gastos de aloxamento en Galicia das persoas das empresas/prescriptores visitantes.
- Gastos de desprazamentos en Galicia mediante servizo contratado: autobús, minibús, taxi ou vehículo con condutor.
- Gastos de intérpretes.

Importe de incentivos para visitas á sede da empresa en Galicia
Límite incentivo 5.811,00 euros

Área Xeográfica	Importe incentivo
España e Portugal	1.743,30 €
Toda a Unión Europea excepto Finlandia, Suecia, Dinamarca, Estonia, Letonia e Lituania	3.486,60 €
Finlandia, Suecia, Dinamarca, Estonia, Letonia e Lituania	4.067,70 €
Todo o resto de Europa fóra da Unión Europea excepto Rusia e Reino Unido	4.067,70€
Rusia	4.648,80 €
Reino Unido	4.358,25€
Estados da Costa este de Estados Unidos e de Canadá. Todo México	4.648,80 €
Estados do centro de EE.UU e de Canadá (non costa)	5.229,90 €
Estados da Costa Oeste de EE.UU. e de Canadá	5.229,90 €
Toda América Central e do Sur	4.648,80 €
China e Xapón	5.811,00 €
Resto de Asia	4.648,80 €
Oceanía	5.229,90 €
África	4.648,80 €



Só se poderá presentar e aprobar unha solicitude por persoa beneficiaria, na que se poderán incluír varias accións das mencionadas nas letras da a) e b)

» DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Xunto coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- ✓ No caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil, escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes e acreditación da representación coa que se actúa.
- ✓ As tres ofertas, se é o caso.
- ✓ Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, o beneficiario debe cumprir coa normativa en materia de prazos a provedores, o que se acreditará:
 - Para aquelas sociedades que, de acordo coa normativa contable, poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante declaración responsable.
 - Para aquelas sociedades que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación, emitida por auditor rexistrado no ROAC, que atenderá ao prazo efectivo dos pagamentos da empresa cliente con independencia de calquera financiamento para a cobranza anticipada da empresa provedora.

Acceso á ficha da sede electrónica



Pulsa para acceder